

**Área: Competicións**

**Circular nº 15 - Temp. 20/21**

**AMPLIACIÓN DE INFORMACIÓN RESPECTO Á CIRCULAR 14 DA ÁREA DE  
COMPETICIÓN, RELATIVA AO AFORO PROVISIONAL DOS ENCONTROS DE  
CATEGORÍA AUTONÓMICA**

Compre matizar as seguintes cuestións:

1. A posibilidade de público nas competicións de ámbito autonómico está regulada pola circular número 14 da Área de Competicións da FGBm, pero estará supeditada a normativa en vigor en cada momento, e ás normas e protocolos do titular da instalación.
2. A asistencia de público ou non as instalacións deportivas, no so está condicionada polo aforo que se permita en cada momento, se non que se debe ter en conta a limpeza e desinfección das zonas comúns, neste caso as bancadas, zonas de paso, pasamáns, etc, antes do seguinte encontro.
3. É importante consultar as medidas xerais dispostas no anexo do DOGA do 12 de xuño de 2020 en relación a medidas xerais de hixiene e prevención (punto 2º) e as medidas en materia de control de capacidade (punto 3º): procedementos que permitan o recuento e control del aforo; entre esas medidas podemos destacar:
  - Debe haber papeleiras onde desbotar panos ou calquera outro material de uso hixiénico.
  - Debese ter en conta a limpeza e desinfección das zonas comúns, neste caso as bancadas, zonas de paso, pasamáns, etc, e máis cando se disputen dous encontros de xeito consecutivo.
  - Debe estar exposta a capacidade máxima do aforo e ter algún sistema para realizar o recuento en calquera momento, de xeito que cos membros/as da organización incluídos/as nunca se supere o máximo permitido.
  - Todos/as os/as asistentes deben cumprir coa distancia interpersonal de 1,5 metros perimetral e deben permanecer sentados/as durante o evento; é

convinte realizar previamente unha representación gráfica da instalación e distribuír a ocupación de espazos, indicando as direccións de circulación, e tendo en conta que debemos evitar as aglomeracións e respectar os plans de evacuación da instalación.

IMPORTANTE: Recordamos que na páxina web da Federación Galega de Balonmán, dentro do apartado COVID-19 podedes consultar: restricións por concellos, resolucións do DOG, protocolos, e información relevante respecto á covid-19, recomendamos visitala a diario.

En Vigo a 26 de Outubro de 2020